

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE XULLO

DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luísa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre.

Non asisten, con escusa, dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE, don José Antonio Orosa Fernández, de UxC e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012

O Sr. presidente fai constar que, debido a que non puido entregarse en tempo e forma a acta da sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012, queda pendente para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

2º Toma de coñecemento do escrito presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG respecto da designación de titular e suplente na Xunta de Voceiros, Comisións Informativas e Mesa de Contratación

A secretaria da Corporación dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao núm. 10206 o día 20 de xullo de 2012, presentado polos dous concelleiros do BNG, respecto da designación de titular e suplente na xunta de voceiros, comisións informativas e mesa de contratación, tal e como consta a continuación:

1. Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda
Titular: María Victoria Amor Prieto
Suplente: Daniel Carballada Rodríguez
 2. Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo
Titular: Daniel Carballada Rodríguez
Suplente: María Victoria Amor Prieto
 3. Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social
Titular: Daniel Carballada Rodríguez
Suplente: María Victoria Amor Prieto
 4. Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo
Titular: María Victoria Amor Prieto
Suplente: Daniel Carballada Rodríguez
 5. Comisión Especial de Contas
Titular: María Victoria Amor Prieto
Suplente: Daniel Carballada Rodríguez
- Mesa de contratación
Titular: María Victoria Amor Prieto
Suplente: Daniel Carballada Rodríguez

3º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2012

Vista a proposta da concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 18 de xullo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 24 de xullo de 2012.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que queren conseguir coas bases que presentan é proporcionar unhas axudas ás persoas con menos posibilidades económicas, persoas discapacitadas que non poden utilizar o transporte público e que, nalgún momento, non poidan realizar as súas viaxes a través do 065, por exemplo porque hai que avisar con 24 horas de antelación.

Segue a dicir que as variacións máis importantes respecto das bases presentadas o mes pasado son, a proposta dalgúns grupos políticos, que a cantidade a percibir polos usuarios pase de douscentos a cincocentos euros, para poder dar máis cobertura ao

servizo a cada un dos admitidos. Tamén se cambia o prazo de solicitude, o cal se reduce de corenta e cinco a trinta días, para poder facilitar así un prazo máis curto de admisión.

Explica que o ámbito dos bonos vai ser toda a provincia. O servizo prestarase a través do eurotaxi da Coruña, tiveron unhas reunións e outorgóuselles a autorización para que poidan entrar en Cambre. Di que todos os usuarios van ter o teléfono do teletaxi, pero tamén se lles vai facilitar o teléfono móbil de todos os taxistas que teñen taxi adaptado da Coruña e Culleredo, para que poidan ter un servizo máis directo cos taxistas.

Finalmente di que aínda que o mes pasado se trouxeron unhas bases moi mellorables, simplemente se trataba de facer unha proba, ver exactamente o número de usuarios que van ter e ver como funciona o eurotaxi. Agora, ao aprobarse as bases un mes máis tarde, teñen un espazo de tempo bastante curto, aínda así, cre que van poder ter unha relación máis ou menos fixa do número de usuarios.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que as bases que se traen hoxe ao pleno incorporan gran parte das achegas que o grupo dos socialistas de Cambre realizou no anterior pleno, e pensa que iso é unha mellora respecto do documento base que se levou ao anterior pleno. Destaca en concreto o incremento da prestación ata os cincocentos euros. Di que era moi importante que se aclarasen os conceptos que se consideran como ingresos mínimos á hora de ter acceso á prestación. Outra achega por parte do grupo socialista foi a ampliación do ámbito dos desprazamentos do bono-taxi, da comarca da Coruña a toda a provincia.

Conclúe dicindo que cre que cumpriron coa súa obriga de mellorar no posible, coas súas achegas, o documento que se puxo á súa consideración. Agradece que por parte do equipo de goberno así se entende e, por tanto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que no portal de Benestar da Xunta di que son obxectivos do servizo poñer a disposición das persoas con discapacidade ou dependentes que teñan dificultade de mobilidade os medios adecuados ás súas necesidades, que lles faciliten a dita mobilidade, garantir o acceso en condicións de igualdade efectiva das persoas con discapacidade e dispoñer de recursos para a normalización da realización das actividades instrumentais e básicas da vida diaria por parte das persoas con discapacidade ou dependencia.

Segue dicindo que o 5 de abril publicouse que o Valedor do Pobo consideraba que o servizo de transporte adaptado do 065 é pouco efectivo, e que por iso reprobaba á Xunta e suxeríalle que desenvolvera un estudo de viabilidade previo ao transporte de cada solicitude, para evitar xerar falsas expectativas. En resumo, o Valedor pediulle á Consellería de Traballo e Benestar que cambie a orde de actuación, primeiro que estude si se pode prestar o servizo ao usuario, e despois, se o resultado é positivo, que o conceda, o cal, engade, é lóxico. Pregunta se a ninguén na Consellería de Traballo se lle ocorrera iso antes.

Expón que están a falar dun servizo que o Concello de Cambre quere ofertar porque o da Xunta de Galicia, o 065, e así o recoñecen os propios membros do goberno municipal cando explican o servizo, non ten capacidade suficiente para dar cobertura a todos os usuarios que o demandan.

Continúa a manifestar que eles cren que o primeiro é esixirlle ao goberno do Concello de Cambre que lle esixa á Xunta que cumpra cos seus compromisos, xa que pensan que deberían ter feito un convenio, ou polo menos asegurarse de que o custo que van pagar os veciños de Cambre polo mal funcionamento da Xunta de Galicia o puidesen cobrar dalgún xeito. Engade que nestes momentos el non ten coñecemento de que se fixera nada semellante, nin se estudou un convenio coa Xunta, nin ninguén se asegurou de que o concello vaia recuperar o que gaste no servizo.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster, para non prexudicar as persoas que realmente se ven afectadas polo goberno da Xunta e, como xa está no orzamento aprobado, que se poida realizar o servizo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que a pesar dos problemas que houbo na redacción das bases, o que contribuíu a demora na súa presentación, atópanse ante un experimento, unha proba que escasamente vai durar tres meses. Teñen 10000 euros asignados nos orzamentos do ano 2012 e o servizo porase a funcionar a finais de agosto, co cal durará uns tres meses.

Explica que o seu grupo manifestou, tanto na xunta de voceiros como no pleno pasado, que para o próximo ano os servizos técnicos do concello deben elaborar un estudo de viabilidade onde se contemple a posibilidade de que, por parte do concello, se volva restablecer o servizo de prestación do 065 que se viña prestando. Ese servizo, ademais de ser elaborado polos técnicos municipais, debe estudarse cos colectivos afectados, como xa se dixo a outra vez, coas asociacións que hai, Arela e Apem e despois, individualmente, coas persoas que poidan facer achegas e que realmente son as que están a sufrir a carencia de transporte público.

Conclúe dicindo que eles pensan que esta proposta vai mellorar o servizo, e que ese é o ánimo de todos, por iso van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o BNG queren pedirlle ao Sr. Manuel Rivas Caridad e ao goberno municipal que reclamen ante a Xunta que se dote ao 065 do necesario para que cubra as necesidades existentes e funcione para o que foi creado. Explica que este servizo é competencia da Xunta e consideran que a proposta presentada no pleno é un parche, un parche para quitarlle as castañas do lume á Xunta, que é quen ten que manter o servizo. Remata dicindo que por todo o anterior, vanse a abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC), expón que despois das melloras introducidas nas bases con respecto á súa presentación o mes pasado, e para que este servizo comece a funcionar canto antes, di que o seu voto vai ser favorable. Explica que logo xa verán o funcionamento e xa verán o que se pode mellorar de aquí ao ano que vén.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do GM, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2012.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

4º Aprobación, se procede, das bases reguladoras e convocatoria 2012 do programa de axudas municipais á creación de empresas

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 24 de xullo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, de data 24 de xullo de 2012.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata de aprobar as bases do programa Cambre Emprende 2012. É un programa de axudas ao emprendemento, pioneiro no Concello de Cambre e que consta dunha partida orzamentaria de 60000 euros. A través deste programa trátase de fomentar á creación de empresas no municipio e contribuír á xeración de emprego.

Di que é precisamente a pequena empresa a que ocupa cerca do 60% do total das persoas traballadoras, e que a persoa física é a forma predominante na constitución das pequenas empresas. A axuda concédese tomando como base os momentos máis críticos que son o inicio da actividade nos primeiros seis meses. Tras as análises técnicas correspondentes, optouse por subvencionar ata o 100% da cota do réxime especial de traballadores autónomos, ou da mutualidade do colexio profesional correspondente, durante os seis primeiros meses, e a partir das altas que tiveran a partir do 1 de xaneiro de 2012.

Explica que os beneficiarios serán as persoas desempregadas no momento de inicio da actividade que sexan titulares de pequenas empresas ou microempresas, que sexan titulares ou cotitulares de negocios, ou socios e promotores no caso das sociedades mercantís, e que desenvolvan a súa actividade en Cambre.

Conclúe dicindo que o tipo de subvención é a fondo perdido e en réxime de concorrència non competitiva, e faranse efectivas a través dun pago único por importe máximo de 1494 euros por beneficiario.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo valora positivamente calquera iniciativa como a que trae hoxe o equipo de goberno, destinada a loitar contra o desemprego, e máis nestes tempos. Di que neste caso a iniciativa que lles están a presentar está orientada ao autoemprego e á pequena empresa ou microempresa, e entenden que é importante fomentar o espírito emprendedor.

Expón que eles tamén queren que esta non sexa a única iniciativa en materia de fomento do emprego que traia o equipo de goberno e que, evidentemente, ofrécense para achegar ideas en canto ao que é a loita contra o desemprego que tanto lles preocupa, ou lles debe preocupar a todos os grupos municipais representados na Corporación, nese sentido agardan que na próxima lexislatura se poidan formular novas liñas de fomento do emprego para loitar en materias como a formación ou tamén de fomento directo do emprego.

Engade que entenden que á hora de valorar as solicitudes que se presenten a este programa débense apoiar especialmente aqueles proxectos empresariais que sexan á súa vez susceptibles de xerar emprego por conta allea, non só ao pequeno empresario cuxa potencialidade de xerar emprego remata en si mesmo, senón tamén a aquel que deu un paso máis adiante e pode á súa vez xerar emprego a terceiros ou por conta allea.

Di que valoran positivamente a iniciativa e, polo tanto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que na propia proposta do equipo de goberno están a dicir que case a totalidade das iniciativas emprendedoras xorden da imposibilidade de atopar traballo por conta allea, e que é a única alternativa e le literalmente: “a creación do propio posto de traballo convértese na única alternativa laboral de moitas persoas emprendedoras”.

Di que o grupo de UxC considera que deberían ser máis ambiciosos neste proxecto, porque cren que está coxo, que a proposta está pensada para aqueles veciños que tiveron ou traballaron en postos que agora lles permiten buscar unha saída como autónomos, pero hai moitos outros que non están en igualdade de condicións, e poñen como exemplo un almacenero, un maquinista, xente que non se pode poñer como autónomo dentro deste proxecto. Por isto entenden que queda un pouco coxo.

Engade que botan en falta un programa máis ambicioso, tal e como propuxo EU hai non moito tempo, como fomentar a contratación por parte das empresas de Cambre ou que traballan en Cambre ou para o Concello de Cambre, de forma que houbera igualdade de oportunidades para todos. Reitera que botan en falta ese tipo de programa. Nun principio non se podía facer porque era moi difícil, iso segundo unhas conversas que se mantiveron, pero di que o Concello de Vigo, no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* do 24 de xullo, publicou unha proposta similar fomentando o emprego para todos en igualdade de condicións.

Conclúe dicindo que eles vanse abster neste punto.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe di que quere facer unha puntualización ao Sr. García Patiño. Explica que as axudas á contratación ao primeiro traballador ou segundo para as empresas de Cambre é un aspecto que si se contemplou, pero que para ela presenta dúbidas de legalidade dende o sentido de que existen varios ditames de órganos consultivos da función pública que non aconsellan esta modalidade de subvención por parte dos concellos. É por ese motivo que se optou pola modalidade exposta na proposta e non por outras, e volve repetir que ten dúbidas respecto dese tipo de subvencións.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño reitera que está no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, e que non cre que Vigo estea incumprindo, ou iso entende. Di que polo menos se puido sopesar o tema, e que dende o seu parecer quedou coxo.

Dona Marta María Vázquez Golpe responde que porque o fagan outros non quere dicir que sexa legal.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que si o fan eles a idea é boa, se o fan outros é copia e pega.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que xa no programa electoral de EU o asunto do emprego era un dos eixes principais, e así o demostraron presentando distintas iniciativas neste sentido.

Expón que desexan que esta proposta axude a paliar o elevado número de parados que hai no concello, e que se trata dunha pequena achega que, dende o seu punto de vista, ten que ser complementada con outras medidas extraordinarias encamiñadas ao mantemento do emprego no concello. Manifesta que efectivamente o proxecto queda coxo, e reitera que é un paso adiante, pero que hai que complementalo con outras medidas.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que lles parece un primeiro paso moi positivo, que quizais se fixo esperar un pouco, pero que non por iso queren deixar de felicitar a dona Marta María Vázquez Golpe polo que eles consideran unha boa proposta. Expón que van cambiar o seu voto da comisión e van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que todo este tipo de iniciativas parécenlle moi positivas, máis nos tempos nos que viven, polo tanto o seu voto vai ser favorable. Tamén felicita á Sra. concelleira.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2012.

Segundo: Aprobar o gastos correspondentes ás axudas con cargo á aplicación orzamentaria, 2012 433 407 “axudas a emprendedores”.

5º Proposta de redución das retribucións dos cargos da Corporación que se desempeñan en réxime de dedicación parcial, e das contías a percibir en concepto de asistencias

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de xullo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, de data 24 de xullo de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que tal e como xa explicaron nas comisións, esta proposta consiste en rebaixar os salarios dos concelleiros do goberno e o importe das asistencias que perciben tanto os membros do goberno como o resto de concelleiros da oposición, nunha contía similar á que van sufrir, desgrazadamente, tanto os funcionarios do Concello de Cambre como os do resto de España, todo isto tanto en solidariedade como na crenza de que deben facelo, pois pensa que é o momento oportuno de formular este asunto.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, e explica que van votar a prol en solidariedade cos empregados públicos, non só cos deste concello senón cos da autonomía e cos do país.

Di que igual que noutros plenos onde se falou das retribucións dos membros da Corporación, non queren estenderse nin perder nin un segundo do seu esforzo que non sexa en traballar polos veciños, pero explica que lle parece importante deixar claro que isto non pode entrar en temas de demagogia, no sentido de que se trate de desprestixiar o traballo dos políticos, e lembra a cada un dos vinte e un compañeiros que están na Corporación, que todos son políticos con maior ou menor responsabilidade.

Engade que lle parece un pouco hipócrita por parte do equipo de goberno o tema de por que se trouxo este tema ao pleno, porque di que está claro que o que se lle fixo aos empregados públicos é un ERE encuberto, con todas as contrapartidas negativas, nunca as positivas, pois a fin de contas cando se fai un ERE, sobre todo nas empresas privadas, trabállase menos, pero neste caso van traballar máis pero van cobrar menos.

Segue a dicir que o seu grupo está en contra dos recortes. Hai que deixarlle claro á xente que asiste como público, que a cantidade que se vai recortar aos concelleiros que asisten aos plenos é catorce euros nun caso e sete noutro, pero que onde si se podería recortar é nas xuntas de goberno, xuntas que ata esta lexislatura facíanse unha por mes e agora fanse catro por mes, a razón de catrocentos cincuenta euros por xunta.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o seu voto vai ser a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles pensan que os políticos deben ser o exemplo das políticas que promoven. Non entenden como pode ser que no decreto lei non se recolla a mesma rebaixa de retribucións aos políticos, como mínimo igual ao que obrigan aos funcionarios. Explica que esta rebaixa faise ata decembro deste ano, o cal tamén hai que dicilo, porque aos funcionarios públicos se lles compensará este recorte a partir do ano 2015, e pide que se é un acto de solidariedade que o fagan nas mesmas condicións.

Engade que dende a época de don José María Aznar, os funcionarios veñen perdendo poder adquisitivo, ata un 35% segundo algúns sindicatos, conxeláronselles os salarios, rebaixóuselles o soldo un 5% e agora quédanse sen paga extra, e sen parte dos dereitos adquiridos como os moscosos. Explica que os moscosos xurdiron nos anos oitenta para compensar unha subida do IPC do 12% que o Estado non podía asumir, polo que se chegou a un acordo no que, en vez de pagarlles, traballarían seis días menos.

Continúa a dicir que parece que agora que lle tocou a quenda aos funcionarios é hora de poñerse as pilas, pero di que na mesma situación atópanse máis de cinco millóns de parados neste país, e que non só os funcionarios o están a pasar mal.

Segue a súa intervención dicindo que lles parece unha tomadura de pelo que o goberno municipal se baixe as retribucións o 7,1%, porque eles saben perfectamente como está Cambre e como están os veciños do concello. Explica que en Cambre están atendendo a máis de cen familias dentro do programa de axuda a domicilio, e tamén se atenden a máis de cen familias dende emerxencia social, de feito están a desviar veciños a Cáritas

por non poder atendelos, cun orzamento de cincuenta e sete mil euros dos que, en seis meses, quedan trescentos. Di que isto é a realidade do que está a pasar en Cambre hoxe en día, que é a realidade política e dos veciños.

No pleno municipal o seu grupo propuxo unha rebaixa do 20% ao grupo de goberno nos orzamentos, tanto dos salarios do grupo de goberno como das asistencias ás xuntas de goberno. Di que agora piden que se rebaixe o 25% dese soldo, todo iso deixaría un remanente de cento trinta ou cento corenta mil euros para empregar nos que máis o necesitan. Trátase de priorizar e hoxe en día eles cren que habendo todas as familias e veciños que o están a pasar tan mal, é unha tomadura de pelo baixarse o 7,1%.

Conclúe dicindo que van votar en contra, como non pode ser doutra forma.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que como non podía ser doutro xeito o seu grupo vai votar a prol da proposta que trae hoxe o goberno municipal en cumprimento do Real decreto lei, o cal da cabida a esta proposta.

Di que lle gustaría que ninguén se levara a enganar, e explica que isto non deixa de ser unha medida que é máis populista que outra cousa, porque a rebaixa do 7,1% non implica, nin máis nin menos, que os soldos dos concelleiros do equipo de goberno en réxime de media dedicación, ao final, aínda que baixan, seguen gañando máis que a cantidade que tiñan asignada para as medias dedicacións ao comezo da lexislatura, como xa o vén denunciando o seu grupo municipal.

Engade que as opinións son opinións e que o que vale son os números, di que a conta é moi clara, si se aumentaron as asignacións un 20% cando entraron a gobernar como primeira medida con respecto ao ano 2011, co voto en contra de EU, agora seguen a gañar un 12,9% máis do que estaba estipulado en 2011, polo que o tema de que se reduzan asignacións é moi relativo. Expón que os membros do equipo de goberno seguen a gañar un 12,9% máis do que estaba fixando antes de entrar a gobernar.

Continúa a dicir que respecto á redución das asistencias a órganos colexiados do resto de concelleiros, estas non sufriron un aumento do 20% agás algunha que se fixo a medida como no caso do Sr. Manuel Marante Gómez, que como hoxe non está, non o poderán debater de novo, e do que xa teñen falado en moitas ocasións no salón de plenos.

Segue a súa intervención dicindo que non se van opoñer á redución, pero que non van tragar con ese falso orgullo de que dende o goberno municipal se están a solidarizar coa clase traballadora tan esmagada cos recortes do goberno do Partido Popular, porque di que é mentira, que é un simple lavado de cara para intentar diminuír a gravidade da subida do IVE, a rebaixa salarial real dos empregados públicos, unha durísima reforma laboral, eliminación de prestacións por dependencia, recortes orzamentarios en servizos públicos, copago, etc. Engade que estas son as medidas que esnaquizan á clase

traballadora e das que o goberno municipal sae de rosiñas, con eses pseudo recortes que non son máis que intentos de xustificar un machadazo sen medida á cidadanía e que queda moi ben en prensa, algo que por suposto lles encanta.

Conclúe dicindo que votan a prol, pero sen celebracións, sen aplausos e sen ostentacións porque non as merecen.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que van votar favorablemente esta medida, compartindo parte do espírito exposto polos compañeiros de EU e do PSOE, respecto de que entenden que determinadas forzas políticas, que en Madrid votaron en contra dos recortes aos traballadores da función pública, pois consideran unha mostra de solidariedade realizar eses recortes tamén no pleno municipal de Cambre.

Segue a dicir que o feito de que a forza política que promove dende o goberno estes recortes, que os asume no parlamento español e que os defende nos medios de comunicación, chegue hoxe ao Concello de Cambre a solidarizarse cos traballadores do concello de Cambre, máis que unha mostra de solidariedade parécelles unha mostra de cinismo.

Engade que tamén están de acordo co que dixo o representante de UxC respecto da clase política. Explica que eles, aínda que sexan moi de a pé de obra, son tamén clase política no sentido de que son representantes do pobo e ademais a representación máis próxima ao cidadán, por iso teñen que dar exemplo, e di que dando exemplo teñen que exercer a función para a cal foron elixidos, e facer un uso racional e ponderado do que deben ser as retribucións, moitas veces por axudas de custo e por asistencias no caso da oposición que non perciben ningún tipo de salario, dentro diso poden falar e el pode compartir en parte o que se dixo dunha baixada de soldos aos membros do goberno municipal.

Expón que eles sempre defenderon que o Sr. alcalde e os membros do goberno teñen que ter unhas retribucións dignas polo seu traballo, pero iso é unha cousa e outra son cuestións como a que se mencionou do Sr. Manuel Marante Gómez, sobre os catrocentos cincuenta euros que non son máis que un salario encuberto, ou dito doutra maneira pouco poética, un fraude á Seguridade Social nunha persoa que está prexubilada. É un descrédito para Cambre que se pretendan levar ao pleno medidas de austeridade cando se fan xuntas de goberno semanalmente que se retribúen con catrocentos cincuenta euros, nin o Consello de Estado, que é o órgano máis alto do que dispón o Estado español, paga asignacións así.

Conclúe dicindo que todo isto pasa en Cambre, e polo que se ve a ninguén lle cae a cara de vergoña. Aclara que eles non votaron no pleno a prol de que o Sr. Marante Gómez, por apoiar ao goberno, cobrara eses dous mil douscentos cincuenta euros moitos meses, mentres que outros grupos si que o fixeron.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que se vai cinguir á proposta que trouxo o equipo de goberno e vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que en resposta ás intervencións de varios grupos que manifestaron que isto pode parecer unha medida demagóxica, sen ánimo de polemizar sobre o asunto, explica que eles formularon esta proposta porque lles tería gustado que no Real decreto que se publicou xa se contemplase a rebaixa dos salarios dos membros das corporacións municipais, pero como non se fixo, entón a opción que lles quedou foi solidarizarse e traer unha proposta que ao seu xuízo debería estar incluída no Real decreto e que non o está.

Conclúe dicindo que a maioría, se non todos os gobernos de España, tomarán unha medida similar á que están a tomar eles, e non por mor da cor política da formación que presente a proposta vai ser demagóxica ou vai ser coherente. Remata dicindo que a eles lles tería gustado que esta mesma proposta se tivese recollido no Real decreto, pero como non o está, teñen que traela eles.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM, e votan en contra os dous concelleiros presentes de UxC.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Minorar nun 7,1% as retribucións líquidas mensuais que deba percibir o alcalde, segundo o disposto nos acordos adoptados na sesión extraordinaria do pleno da Corporación de 12 e xullo de 2011, ata o mes de decembro do presente ano, este incluído.

Segundo: Minorar nun 7,1% as retribucións líquidas mensuais que deban percibir os membros da Corporación que desempeñen o seu labor en réxime de dedicación parcial, segundo o disposto nos acordos adoptados na sesión extraordinaria do pleno da Corporación de 12 de xullo de 2011, ata o mes de decembro do presente ano, este incluído.

Terceiro: Minorar nun 7,1% as percepcións que deban percibir os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial por asistencias a órganos colexiados, segundo o disposto nos acordos adoptados na sesión extraordinaria do pleno da Corporación de 12 de xullo de 2011, ata o mes de decembro do presente ano, este incluído, polo que as cantidades resultantes pasarán a ser as seguintes:

- Pleno:	186,74€
- Comisións Informativas:	93,37€
- Xunta de Goberno Local:	420,16€
- Xunta de voceiros:	93,37€

Cuarto: Publicar os anteriores acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios da Corporación de conformidade co establecido no art. 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

6º Mocións ou propostas urxentes

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e PdeC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e PdeC relativa a deficiencias na atención ás asociacións de Cambre polos servizos administrativos da Concellería de Cultura

Rexistrada de entrada ao núm. 10200 o día 19 de xullo de 2012, consta do seguinte teor literal:

“Ven sendo habitual nos últimos tempos que asociacións do noso concello se dirixan aos diferentes grupos municipais transmitíndolles as súas queixas polo trato que reciben cando fan algún trámite diante dos servizos administrativos da Concellería de Cultura e Turismo.

As demoras na tramitación de diferentes asuntos están á orde do día, o que ocasiona prexuízos e molestias ás entidades asociativas que buscan na administración local o apoio necesario para desenvolver do mellor xeito posible o seu labor xeneroso e desinteresado de atención aos veciños.

Parecera que algúns funcionarios municipais descoñeceran as súas obrigas legais en canto a prestar información e orientación aos administrados (artigo 35.g da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), así como a tratalos con respecto e deferencia (artigo 35.i da mesma lei).

Sirva como exemplo o caso que nos fai chegar a Asociación de veciños e veciñas “O Castro” de San Lourenzo.

Así, por escrito presentado o día 23 de xuño de 2011, e como resulta preceptivo, o citado colectivo solicitou a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais. Pois ben, a día de hoxe, transcorrido máis dun ano, aínda non se lle ten

notificado resolución ningunha na que se faga constar o cumprimento do trámite instado.

Outra xestión fallida é a solicitude efectuada o día 21 de xullo de 2011 pola mesma asociación de cesión permanente do uso do local social de San Lourenzo da que, a día de hoxe, tampouco consta contestación ningunha.

A maiores, engadir que as citadas solicitudes foron acompañadas de reunións cos responsables políticos do concello (Sr. alcalde e concelleiro de Cultura), que se mostraron a favor das demandas efectuadas.

Non correron a mesma sorte as reunións mantidas con funcionarios da Concellería de Cultura que, a pesares da urxencia que se lles manifestou en canto á resolución das demandas efectuadas, sempre puxeron escusas de todo tipo para xustificar o seu incumprimento.

Resultan inxentes os prexuízos que esta inacción da administración local de Cambre ocasiona á Asociación veciñal “O Castro” de San Lourenzo e, por extensión aos veciños da citada parroquia. Baste dicir que o feito de non estar inscrita no rexistro municipal impídelle exercer os dereitos recollidos no Regulamento orgánico de participación cidadá do Consello de Cambre, de intervención no pleno municipal ou acceso aos recursos económicos do concello (subvencións, cursos, material para eventos, utilización de instalacións municipais).

Así mesmo sinalar que o feito de non estar resolta a solicitude da cesión do uso do local social ten impedido o acceso a subvencións para investimentos convocadas pola Deputación provincial.

É opinión de todos os grupos asinantes que situacións como as denunciadas non se poden seguir producindo, polo que procede que por parte do goberno municipal se adopten as medidas oportunas para poñerlles fin dunha vez por todas.

Por todo o anterior os grupos municipais asinantes presentan ao pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar ao alcalde e ao concelleiro delegado de Cultura e Turismo a que ordene aos funcionarios dependentes desta concellería a instrución e resolución dos procedementos relativos ás asociacións do concello, e dos veciños en xeral, conforme cos principios recollidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo.

Segundo: Instar ao alcalde e ao concelleiro delegado de Cultura e Turismo co fin de que transmitan as ordes oportunas aos servizos administrativos municipais competentes, co fin de que resolvan coa máxima celeridade as demandas realizadas pola Asociación de

veciños e veciñas “O Castro” de San Lourenzo en canto á súa inscrición no Rexistro municipal de asociacións veciñais e de cesión permanente de local social.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que con esta moción están a instarlles a que cumpran coas súas responsabilidades, neste caso que lle pidan aos traballadores municipais que fagan o seu traballo. Como é lóxico eles non poden votar en contra desta moción vendo o que son os acordos.

Continúa a dicir que, non obstante, a exposición de motivos apunta bastante mal, porque aínda que nela se din moitas cousas, parécelle realmente preocupante que o partido promotor, que é o que le a moción, sexa o partido que acaba de saír do goberno.

Engade que hai uns días deu unha rolda de prensa para explicar cal foi a situación que se atoparon no concello cando chegaron, que é que existía un déficit de formulación total e absoluto. Explica que teñen un problema moi serio, xa que nas últimas lexislaturas, incluso podería dicir que nos últimos dez anos, non se tomou ningunha decisión para encarar o futuro da vida municipal, absolutamente ningunha medida, e esas medidas estanse a tomar agora.

Entre as medidas que se están a tomar agora está a convocatoria da praza para cubrir unha vacante que tiñan de coordinador de varias áreas, entre elas a de Cultura, o que lles permitirá facer unha organización mellor do persoal. Tamén recentemente el mesmo asinou unha providencia para dotar ao departamento de Cultura, ou intentar dotalo, dun auxiliar máis, pero é evidente que teñen bastantes departamentos municipais cun déficit enorme, tanto de recursos persoais como de recursos materiais, iso nun momento onde por desgraza non poden afrontar a necesidade de contratar máis persoal, pois como xa saben teñen vetada a posibilidade de contratar persoal.

Explica que lle preocupa que o promotor desta moción sexa o partido que acaba de saír do goberno, o que provocou a situación, pero que evidentemente eles non poden facer outra cousa que estar de acordo e apoiar en todo o que poidan ás asociacións veciñais e a todas as entidades municipais, sexan veciñais, deportivas, culturais, ou do que sexan.

Conclúe dicindo que, por suposto, indicaranlle a todos os seus funcionarios que cumpran coas súas obrigas, que é o que teñen que facer, pero evidentemente non lle poden pedir marabillas ao seu persoal, pois eles teñen que cingirse ao persoal que teñen. Di que tamén teñen que tomar as decisións, que xa as tomaron, para mellorar os recursos persoais e materiais do persoal que teñen, pero parécelle que deberían decatarse de que os demais están a dicir isto cando o problema de falta de recursos que ten o concello, ou gran parte del, provocouno o PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que para puntualizar e deixar as cousas o máis claras posibles, independentemente de que eles presenten a moción ou non, que sexa iniciativa deles ou non o sexa, o que lle parece realmente preocupante e que don Felipe Andreu Barallobre

Ile estea a tratar de xustificar que un ano despois unha asociación non estea inscrita nun rexistro, pola falta de planificación ou por falta duns administrativos ou do que sexa. Iso é o realmente preocupante.

Lémbrale a don Felipe Andreu Barallobre que ten toda a colaboración do PSdeG-PSOE, como xa lle dixeron en varias ocasións, para todo o que faga falta, xa sexan temas de persoal, de reorganización, de cambios, ou outros, o goberno vainos ter ao seu carón. Sinala que o que é totalmente inxustificable é que lles diga que o feito de que unha asociación leve un ano sen inscribirse vén do pasado, pide que iso, por favor, non llo conte a ninguén.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, repite que o Sr. Andreu Barallobre dixo que había un déficit de formulación total, polo que pregunta que é o que fixeron nun ano, porque se nun ano non son capaces de inscribir unha asociación, entón mal van. Se non son capaces de facer cumprir que nun ano estea rexistrada unha asociación, entón preocúpalle moitísimo o tema do Plan xeral, da vía Ártabra, do polígono industrial e corenta mil cousas máis. Parécelle que a política de dicir que se eles o fan mal, os outros o fixeron peor, se acabou.

Engade que o propio Sr. Andreu Barallobre o dixo, que non se pode consentir ter un ano a unha asociación na situación na que está. O que teñen que facer é dicir que os demais teñen razón e que van solucionalo, e rematouse, que o resto sobra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este goberno sempre recorre á cantinela de sempre, problemas dos gobernos anteriores. El cre que están aquí para tratar de solucionar eses problemas, e a el parécelle que non ten ningún tipo de xustificación que unha asociación tarde máis dun ano en estar rexistrada. Di que iso é unha falta de capacidade e de interese do concelleiro responsable, que non foi capaz de darlle solución aos veciños de San Lourenzo para legalizar e inscribir a súa asociación e poder realizar o seu traballo debidamente como o resto de asociacións do concello.

Por outra parte, diríxese directamente ao señor concelleiro para dicirlle que o grupo de EU séntese tan responsable como o PSdeG-PSOE na presentación da moción, a asinaron e a subscriben porque tiveron a oportunidade e un contacto fluído cos veciños de San Lourenzo, polo que non é cuestión dun partido ou doutro, a moción está subscrita por todos, e reitera que para eles existe unha grande responsabilidade por parte do responsable que non foi capaz, durante máis dun ano, de darlle solución a este problema.

Segue a dicir que o goberno vai pouco a pouco, pero que ás veces parece que estean en punto morto, e esta ocasión é unha clara evidencia. Finalmente di que o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que non dan por suficientemente válidas as explicacións dadas dende o equipo de goberno, posto que non son moi cribles, pero que querendo ser construtivos, queren facerlle unha pregunta ao Sr. tenente de alcalde sobre o tempo que estima el que é razoable para que se lle dea resposta a esta petición, se haberá que agardar ao próximo Ano Santo ou se poderá ser antes.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que supón que o tempo non será demasiado, pero que é moi fácil facer demagogia dicindo que facer unha inscrición é o único traballo que ten o persoal municipal, os funcionarios, porque agora derivouse un pouco o debate e parece que o responsable é o goberno, pero a moción fai responsables aos funcionarios, que é o que lle preocupa. Preocúpalle que a responsabilidade que teñen os gobernos, que era o que el quería dicir, se traslade aos funcionarios, porque iso parécelle que é algo moi delicado.

Segue a dicir que non é cuestión de tempos, que hai moitísimo traballo no departamento de Cultura e todos o saben. Nos últimos anos ese departamento creceu unha barbaridade, e se só fora ese o traballo que teñen os funcionarios, entón seguro que xa estaba feito. Non sabe o prazo porque iso é un trámite administrativo que teñen que realizar os funcionarios, pero reitera que se fose o único traballo que teñen, xa estaría feito dende hai tempo, pero o certo é que hai moitísimo máis traballo no departamento de Cultura.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM, expón que despois de escoitar as manifestacións do Sr. Andreu Barallobre, isto xa parece o goberno da nación e a oposición, botándose as culpas os uns aos outros. El non sabe se pode que teña parte de razón o Sr. Felipe Andreu Barallobre, iso saberao mellor o propio concelleiro, xa que é o responsable de Réxime Interior, pero o que se ve é que o organigrama municipal está obsoleto, e levan un ano gobernando para telo modificado.

Continúa a dicir que o que non é de recibo é que unha asociación leve un ano para que sexa inscrita nun rexistro. O Sr. Andreu Barallobre acúsaos de botarlle a culpa aos funcionarios, pero aclara que tamén lla botan aos políticos, porque esta asociación xa se reuniu co alcalde e co concelleiro responsable de Cultura, e tampouco se deron as instrucións oportunas para que iso se leve a cabo.

Engade que insta ao equipo de goberno a traballar máis e a culpar aos demais menos, ese é o seu desexo, que se traballe máis e que se culpe menos aos que xa non están, por cousas nas que é certo que poden ter a razón, pero que agora xa non están, é unha etapa pasada e o novo goberno está aquí para traballar e resolver os problemas, do pasado, do presente e do futuro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que unha vez aclaradas as cuestións, reconece que é certo que os que puxeron a moción enriba da mesa teñen toda a razón do mundo, e

que a asociación de San Lourenzo tamén a ten. Di que tomará as medidas oportunas para que inmediatamente se inscriba esta asociación no rexistro.

Explica que é verdade que hai un problema na cesión do local, pero que non tiña nin idea, ata que hoxe lle pasaron o informe, de por que non está inscrita, non o sabía. El tivo a reunión coa asociación, pero pensaba que isto xa se solucionara, non sabía que aínda non estaba inscrita.

Reitera que vai tomar as medidas necesarias para que inmediatamente se inscriba a asociación, e que o tema do local xa é outro problema.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de EU sobre parques infantís adaptados

Rexistrada de entrada ao núm. 10246 o día 20 de xullo de 2012, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Un concello accesible é o que se constrúe tendo en conta as necesidades de todas as persoas. Ou o que leva a cabo as modificacións necesarias para que o sexa. O concello facémolo todas as persoas que habitamos nel, e aínda que todos temos os mesmos deberes, non sempre gozamos dos mesmos dereitos. EU xa ten presentado distintas iniciativas co fin de que persoas con problemas de mobilidade non se sintan diferentes aos demais por culpa das barreiras sociais.

Conceptos como normalización, integración, inclusión, equiparación de oportunidades, favoreceron e potenciaron o progresivo desenvolvemento social e mellora da calidade de vida. A sociedade demanda novas actividades, servizos e infraestruturas para campos aínda por explorar, ou escasamente explorados. Non só os comportamentos discriminan, tamén un contorno non accesible, ou un servizo que non teña en conta as especiais

dificultades dalgunhas persoas. Trátase de discriminacións indirectas pero moi efectivas que se padecen á hora de gozar de dereitos recoñecidos para todas as persoas. Así pois, non discriminación, accesibilidade e promoción de dereitos débense converter nunha mesma estratexia.

Os parques infantís convertéronse en espazos de lecer e encontro nos que os nenos divírtense, desenvolven a súa psicomotricidade e cultivan outras habilidades, incluídas as sociais. Os que imos a estes lugares de xogo comprobamos en numerosas ocasións que o seu mantemento e conservación é manifestamente mellorable. Por encima da limpeza ou aspecto visual (que tamén son importantes), debemos centrarnos na seguridade, considerando algúns defectos graves como partes rotas, inestabilidade dalgúns aparellos, sistemas de fixación inadecuados, alturas demasiado elevadas sen protección, pavimentos inadecuados pola súa dureza... aspectos que deben ser vixiados de forma rigorosa.

Debemos considerar unha nova planificación dos parques para que sexan máis seguros e accesibles. Un parque convencional, como o que temos en Cambre, deixa fóra sen posibilidade de acceder e xogar a moitos nenos.

O eixe dun parque destinado a xogos infantís debe ser a integración das persoas con distintas capacidades cos que non teñen inconvenientes motrices ou mentais. Porque non se trata de deseñar parques específicos para nenos con discapacidade, senón de crear lugares e estruturas seguras e divertidas para o xogo de todos. Neste sentido, EU-IU considera necesario deseñar espazos e estruturas dentro dos parques infantís que xa existen, para que a infancia con problemas de discapacidade teña a posibilidade de xogar. Serían espazos de xogo acolledores e integradores, onde cada un poida participar na medida das súas ganas e posibilidades. Queremos parques infantís seguros e accesibles, e cando falamos de accesibilidade referímonos a que os nenos con algunha discapacidade tamén poidan utilizar os parques, non se trata de favorecer o seu acceso e que queden á marxe, senón que se divirtan coas demais persoas que están utilizando os espazos de xogo.

Con esta iniciativa o grupo municipal de EU-IU quere contribuír á integración e á equiparación de oportunidades, diminuíndo a desigualdade causada por un medio non accesible, á vez que conseguimos un acceso ao lecer normalizado.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Que o Concello de Cambre incorpore estruturas e xogos adaptados e accesibles, que faciliten o acceso para que os nenos, con e sen discapacidade, poidan utilizar as instalacións dos parques infantís e gozar de todos os espazos lúdicos do concello en igualdade de oportunidades.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle gustaría chegar ao momento en que non fixera falta presentar este tipo de mocións, porque será o momento en que as cousas funcionen como teñen que funcionar, será porque non existen desigualdades entre as persoas con algún tipo de discapacidade e as persoas que non a teñen.

Explica que cando eles chegaron ao goberno, hai algo máis dun ano, atopáronse con dous proxectos que modificaron. Un modificouno el persoalmente porque tiña contacto con varias familias do Temple que veñen reclamando dende hai tempo, no paseo marítimo do Temple, concretamente na confluencia entre o paseo marítimo e Padre Feijóo, onde se vai remodelar todo. Outro problema é o do Campo da Feira, que se vai trasladar.

Segue a dicir que eles xa puxeron todo o empeño, incluso con reunións coas familias afectadas para que lles expuxeran as súas necesidades, e recoñece que foron moi produtivas, posto que eran medidas moi sinxelas de adoptar.

Continúa a dicir que unha das queixas que teñen os veciños é que nos parques infantís existentes, aínda que teñan xogos adaptados para persoas con algún tipo de discapacidade, eses xogos están normalmente separados dos xogos que non están adaptados. Di que a integración non só ten que vir da instalación de xogos adaptados para todos os nenos, senón que eses xogos teñen que estar integrados, para que onde xogan uns nenos poidan xogar os outros.

Expón que eses dous parques vanse facer antes de finais de ano, porque están financiados pola Unión Europea e teñen que estar inaugurados antes de que finalice o ano, e xa están deseñados con esa filosofía. Di que non lembra o dato exacto, pero que lle parece que hai uns corenta e tantos parques infantís en todo o concello, e unha das medidas que teñen que adoptar nos futuros orzamentos é facer unha plan integral para lograr a plena integración de todas as persoas con algún tipo de discapacidade en todos os parques que hai no municipio.

Conclúe dicindo que, por suposto, están a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que todos se sensibilizan bastante cando observan como diante dun parque infantil hai algún neno ou nena que está a mirar cara aos seus compañeiros que están a xogar, e eles non poden acceden nin poden xogar.

Engade que os políticos teñen que ser sensibles a este tipo de demandas e necesidades, e aí si que cabe establecer unha serie de preferencias. Di que este concello, esta Corporación, este goberno, teñen que establecer unha serie de preferencias mesmo nos seus investimentos, que ao mellor teñen que deixar os investimentos noutras cousas máis lúdicas ou máis festivas e darlle unha oportunidade aos rapaces con discapacidade, para que xoguen nas mesmas condicións que os outros.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Moción respecto do seguimento do estado de execución dos votos particulares aprobados no pleno de orzamentos 2012, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no art. 46.2 e) da Lei 7/1985 e art. 125 do Regulamento orgánico municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 10090 o día 17 de xullo de 2012, consta do seguinte teor literal:

“No pleno extraordinario que tivo lugar o día 26 de xaneiro do presente ano, este grupo presentou votos particulares ao ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, sobre o punto 1º da orde do día “Proposta de aprobación dos orzamentos xerais para o exercicio 2012”

O primeiro dos citados votos particulares propoñía a creación dunha nova aplicación orzamentaria, a 161.22706, cunha contía de 40000€, coa denominación “Redacción dos proxectos técnicos para o saneamento integral das parroquias de Andeiro e Santa María de Vigo”.

O segundo propoñía a creación, así mesmo, doutra nova aplicación orzamentaria, a 151.227063, cunha contía de 40000€, coa denominación “Redacción do proxecto técnico de seguridade viaria-sendas peonís na estrada municipal entre Cela-Meixigo-San Lourenzo-A Rocha”.

Ambos votos particulares foron aprobados e incorporadas as súas peticións ao documento definitivo do orzamento xeral municipal para o exercicio 2012, se ben as contías definitivamente acordadas o foron por un importe de 20.000€, en cada un dos casos, dende o criterio de que eran suficientes para facer fronte aos traballos comprometidos.

Pois ben, a día de hoxe, transcorridos seis meses dende o citado pleno, máis da metade do exercicio orzamentario, e a pesar das reiteradas peticións feitas por este grupo, os citados proxectos técnicos non só non están realizados, senón que nin está contratada a súa redacción.

Resulta de difícil comprensión as razóns na demora do cumprimento dos anteriores compromisos a non ser que esteamos, unha vez máis, diante dun caso de manifesta

incompetencia do goberno local, insensible ante as demandas cidadás e incapaz de xestionar as responsabilidades encomendadas de atender as necesidades dos veciños.

Como é posible que se tarde tanto tempo en encargar a redacción de dous proxectos técnicos?

Por que teñen que seguir esperando os veciños de Andeiro, Santa María de Vigo, Meixigo e San Lourenzo a que se atendan as súas demandas de saneamento e seguridade viaria?

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Primeira: Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de presidente da Corporación, dea as ordes oportunas para que, dunha vez por todas e sen desculpas nin demoras de ningunha clase, se cumpran os compromisos acadados na aprobación dos orzamentos de 2012, sobre os votos particulares anteriormente mencionados, en canto á redacción dos proxectos técnicos para o saneamento integral das parroquias de Andeiro e Santa María de Vigo e de seguridade viaria-sendas peonís na estrada municipal entre Cela-Meixigo-San Lourenzo-A Rocha.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que é evidente que a aprobación duns votos particulares e a súa incorporación ao documento orzamentario implica unha obriga por parte do equipo de goberno de asumir eses proxectos, que foron aprobados e, por tanto, tamén de ser dilixentes á hora de poñelos en marcha, cousa que di que neste caso non ocorreu, e que de aí a presentación desta moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde dicindo que esta moción debería respondela o Sr. Marante Gómez que é o concelleiro de Obras e Servizos. Continúa a dicir que don Augusto Rey Moreno fixo a pregunta de por que teñen que seguir esperando os veciños de Andeiro, Santa María de Vigo, Meixigo e San Lourenzo a que se atendan as súas demandas de saneamento e seguridade viaria, e el respóndelle que están a falar da redacción dos proxectos, non da súa execución.

Di que el sabe que están invitadas varias empresas para a redacción dos proxectos, e informa de que teñen que quedar redactados antes de finais de outubro, porque concretamente eses proxectos vai presentalos na Deputación, é máis, el xa ten presentado na Deputación o anteprojecto, e iso os veciños de Santa María de Vigo xa o saben.

Explica que é moi probable que veña unha partida para ese anteprojecto, e que el non pode responder se o tempo que están tardando entre a aprobación no pleno pasado e a redacción do proxecto é moito o pouco, iso ten que respondelo o concelleiro de Obras e Servizos, que por desgraza hoxe non está presente.

Engade que quere que se saiba que é o seu empeño levar eses proxectos adiante, non soamente a redacción, senón tamén a execución.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que lle parece perfecto que o Sr. alcalde asuma o compromiso de cumprir coas súas obrigas, ou coas obrigas do equipo de goberno, en canto a que os compromisos adquiridos nos orzamentos de 2012 se leven a cabo.

Segue a dicir que non sabe que tipo de anteprojecto de saneamento puido levar á Deputación porque, que el teña coñecemento, non está redactado ningún documento nese sentido.

O Sr. alcalde responde que si hai anteprojecto redactado e di que os veciños de Meixigo e Santa María de Vigo teñen unha copia.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que entón pedirá unha copia do anteprojecto. Continúa a dicir que está de acordo co Sr. alcalde en que o que se aprobou foi a redacción dos proxectos, non a execución, pero explica que con esta moción estalle a facer un favor ao equipo de goberno, porque como o propio alcalde debe saber non se dispón por parte de goberno municipal de ningún proxecto de suficiente entidade como para presentar ao Plan de Obras e Servizos da Deputación do ano que vén, e se non se equivoca vai ser ata novembro cando hai prazo para poder presentar eses proxectos.

Continúa a dicir que con independencia da chamada de atención ao equipo de goberno, di que o que é certo é que a todos lles preocupa que iso se mova o máis rapidamente posible. Di que a el non lle gusta falar de conversas particulares cos concelleiros do equipo de goberno, pero que ten solicitado en varias ocasións que se poña isto en marcha dunha vez porque senón vailles pillar o touro, como sempre, porque non é o mesmo presentar un proxecto que se redacta en tres meses, con tempo facéndoo ben, que un proxecto que se fai tarde, mal e a rastro para presentalo ao POS. Explica que el xa sufriu iso nalgunha ocasión e sabe o que pasa despois, que está mal proxectado, e que á hora de executalo presenta problemas. Por iso pide que se poña en marcha á maior brevidade posible.

Segue a súa intervención dicindo que cre que a todos lles interesa porque, tanto os veciños de Andeiro, como os de Santa María de Vigo, os de Meixigo e os de San Lourenzo, fixéron unhas demandas perfectamente xustas e necesarias en canto ao seu cumprimento.

Reitera que isto é unha chamada de atención pola súa parte ao equipo de goberno para que se poña as pilas. El sabe que a Concellería de Obras e Servizos é unha concellería bastante complicada, moi de xestión do día a día, e que hai moitos temas, e di que sen caer naquilo que se dicía do Sr. George Bush cando era presidente de EEUU, que non

sabía pensar, andar e mascar goma de mascar á vez, el cree que este non é o caso, pero pide que se intente desdobrar un pouquiño o que é a actividade cotiá do que son os proxectos que hai que desenvolver para os próximos anos. Nese sentido quere que lle metan un pouco de urxencia a este tema.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que está de acordo en que se cumpra cos compromisos adquiridos no orzamento municipal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

8º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1010 de data 2 de xullo de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Marta María Vázquez Golpe dende o día 2 ao 23 de xullo de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1018 de data 3 de xullo de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús González Roel dende o día 3 ao 7 de xullo de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 10178 o día 19 de xullo de 2012, presentado por don Antonio Fernández Orosa, co seguinte teor literal:

“Informar que como concelleiro de UxC neste concello e na situación actual, renunciou a calquera tipo de retribución a percibir por asistencias á xunta de voceiros, comisións e plenos dende o día da data.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 10179 o día 19 de xullo de 2012, presentado por don Óscar Alfonso García Patiño, co seguinte teor literal:

“Informar que como concelleiro de UxC neste concello e na situación actual, renunciou a calquera tipo de retribución a percibir por asistencias á xunta de voceiros, comisións e plenos dende o día da data.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 10180 o día 19 de xullo de 2012, presentado por dona Elisa Pestonit Barreiros, co seguinte teor literal:

“Informar que como concelleira de UxC neste concello e na situación actual, renunciou a calquera tipo de retribución a percibir por asistencias á xunta de voceiros, comisións e plenos dende o día da data.”

- Do informe da Intervención municipal, de data 21 de xuño de 2012, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre 2012.

- Do informe de Tesourería, de data 20 de xullo de 2012, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2012.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- o Os pagamentos realizados no trimestre natural (anexo 1)
- o As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final del (facturas en fase de obriga recoñecida e pagamento ordenado) (anexo 2)
- o As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2)

Non se satisfixeron xuros de demora.

9º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10266 o día 21 de xullo de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Na estrada DP-1702, Cambre - A Rocha, na zona do cruzamento dos Campóns, estanse a levar a cabo obras para a colocación dunha rotonda. A marquesiña alí existente foi trasladada de lugar se ben os seus asentos, non.

Por todo o anterior:

Solicitamos se dean as ordes oportunas co fin de que se dote de asentos a marquesiña na súa nova situación.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, explica que polo que lle dixeran, cre que xa está feito.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir á Sra. concelleira que lea o segundo rogo, que está relacionado con este primeiro, e así contestar os dous ao mesmo tempo.

2º Así mesmo, na estrada DP-1702, Cambre - A Rocha, no medio da beirarrúa existente no treito que vai dos Campóns cara á Cabana, colocouse un sinal que indica a presenza da rotonda. Os apoios do citado sinal invaden a beirarrúa e limitan o espazo destinado ao paso de peóns.

Por todo o anterior:

Solicitamos se solicite da Deputación Provincial a retirada do sinal do citado lugar, e a súa colocación nun lugar máis axeitado.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que estas preguntas tería que contestalas don Manuel Marante Gómez, pero como non está, deixoulle a resposta por escrito, e pasa a lela: “A sección de Servizos recibiu dous escritos veciñais solicitando a colocación do banco da rotonda que se está a realizar na DP-1702, así como a nova colocación do sinal informativo da citada rotonda. Considerando que o cambio de situación da marquesiña e a colocación do sinal veñen dados pola execución da obra de mellora de seguridade viaria na AC-213 no contorno do treito punto quilométrico 2.36, e o punto quilométrico 3.81, executada pola Dirección Xeral de Infraestruturas da Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, os dous escritos foron remitidos á citada concellería.”

O Sr. alcalde conclúe dicindo que nestes momentos cre que o da marquesiña está feito e o do sinal non llo pode responder porque non o sabe con exactitude.

3º Enterados da remisión á dirección dos centros de educación de infantil e primaria do noso concello dun escrito comunicando a implantación dun servizo de comedor para o curso 2012-2013, complementario ao que se recibe nos devanditos centros de ensino:

Solicitamos se nos informe do grao de acollida que a dita iniciativa tivo entre a dirección dos centros educativos e a receptividade que está a ter por parte dos potenciais beneficiarios do servizo.

Dona María Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, explica que ás persoas que se puxeron en contacto con ela, tanto directores de centros como pais dalgúns alumnos, parécelles, en xeral, unha boa proposta como alternativa.

Segue a dicir que, de todas formas, non houbo demasiada expectación porque ata o mes de setembro non están pechadas as listas dos comedores. Di que descoñece os datos de Cambre, porque puxeron as listas o mesmo día que as vacacións, co cal descoñece cantos nenos quedaron sen comedor. Engade que no Portofaro non quedou ningún neno e no Graxal están sen pechar as listas e aínda quedan cincuenta prazas sen adxudicar.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE pregunta se o goberno ten previsto dirixirse a esas familias potencialmente usuarias que poidan quedar fóra do servizo ordinario de comedores.

Dona María Jesús González Roel contesta que evidentemente si. Di que é unha iniciativa que partiu do goberno municipal, pero foi unha iniciativa para que a xestionen as garderías de forma privada, de feito di que en Cambre e no Temple xa o facían algunhas garderías. Explica que o seu traballo consistiu en reunilas a todas e coordinalas, para que todas cobrasen o mesmo e ofrecesen o mesmo servizo. Continúa a dicir que quedaron moi contentas da xestión que se fixo, posto que tamén se van incentivar as garderías, que van dar ese servizo aos pais. Engade que se van a estudar outro tipo de medidas en setembro, cando realmente xa se saiba definitivamente se quedou algún neno fóra.

Don Jesús Bao Bouzas di que esperará a ver como se regula o servizo e, en todo caso, entende que non se trata dunha encomenda de xestión de servizo.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10264 o día 21 de xullo de 2012.

1º Solicitamos se nos informe de que ten pensado facer o goberno municipal respecto do proxecto da Xunta de aparcadoiros disuasorios no noso municipio.

O Sr. alcalde contesta que o goberno municipal vai enviar o informe que lle solicitaron o día 16 de xullo deste ano. Solicitáronlles un informe sobre a localización e é o que van facer. En canto os servizos técnicos e xurídicos do concello fagan o informe, remitiranlo á concellería.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, se non se está equivocando, o lugar que propón a Xunta de Galicia está na travesía da Igrexa. A Xunta di que alí caben cincuenta vehículos, pero os que coñecen a zona saben que alí non collen cincuenta vehículos. Ademais di que os aparcadoiros disuasorios teñen que estar preto de onde se poida coller un autobús ou un tren, e alí non o está.

Continúa dicindo que el cre que é un tema moi importante e que, ademais, poden aproveitarse como Corporación de Cambre desa situación, poden dicirlle á Xunta que teñen pendente o enlace coa autoestrada, do que xa se falou, que teñen pendente o tema da Koipe do que tamén se falou, incluso co alcalde de Culleredo, e que se chegou a propoñer facer alí a estación para o tren de proximidade, e esa podería ser outra localización para un aparcadoiro disuasorio. Pide que non fagan só o informe e o envíen á Xunta, se non que falen co resto dos grupos, porque seguro que todos teñen algunha idea sobre a mellor localización para que saian beneficiados todos no concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non quere entrar en polémica e explica que iso mesmo era o que pensaban facer, trasladalo á Corporación municipal na xunta de voceiros e decidir unha cousa ou outra, pero explica que tal e como fai a pregunta o Sr. García Patiño dálle pé a dicir o que lle pide a Xunta, que é enviar un informe técnico, pero que el cre que a Corporación e o propio grupo de goberno, non está de acordo con ese lugar, porque queda escondido e non cabe ningún coche.

Continúa a dicir que o Sr. García Patiño non lle roga, se non que solicita que lle informe, e iso é o que está a facer.

Conclúe dicindo que ten o escrito da Xunta, e o que van facer é unha xunta de voceiros, comunicalo a todos, ver que decisión toman, porque el cre que hai outras opcións para localizar ese aparcadoiro disuasorio.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño descúlpase por ser parco en palabras pero que lle poden contestar como queiran, e engade que o Sr. alcalde pódelle dicir que xa pensaron en falar con todos os voceiros.

2º Solicitamos se nos informe de que xestións se realizaron co equipo redactor do Plan Xeral, e cando ten previsto convocar unha mesa de seguimento coa oposición.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o equipo redactor xa se reuniu cos técnicos municipais, e que xa lle facilitaron unha serie de información, como o avance da cartografía, e tamén se puxeron en contacto coa empresa que está levando o tema do inventario de camiños para unir criterios.

Por outra banda, o equipo redactor comunicoulles que fan estar de vacacións entre xullo e agosto, polo que pensa que en setembro xa se poderán reunir e convocar a mesa de seguimento, porque xa haberá traballo avanzado.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dálle as grazas e di que, de todos os xeitos, está moi ben que o equipo redactor fale cos técnicos municipais, porque necesitan información técnica pero, ao equipo redactor, os que lle teñen que dar as instrucións, as directrices a plasmar no plan xeral, directrices que son políticas, é o equipo de goberno.

Engade que vai chegar setembro, e que isto vai constar en acta, que xa lles fixeron esta pregunta hai tempo, igual que o resto dos grupos, e insiste en que vai constar en acta, que setembro vai chegar e todos teñen que poñerse de acordo para axilizar o tema, polo tanto pide que non esperen a setembro para facelo.

3º No pleno do mes de xaneiro deste ano preguntamos ao goberno municipal por un viario que dende o Concello de Culleredo pretendían proxectar dende Almeiras á Barcala, o Sr. alcalde contestou que os técnicos de ambos concellos ían discutilo.

O Plan Xeral de Culleredo dentro de moi pouco tempo vaise a atopar na fase de exposición pública, que nos pode dicir o goberno deste viario?

O Sr. alcalde manifesta que vai contestar como sabe, non como quere. Explica que, efectivamente, el estivo reunido co alcalde, o arquitecto e co concelleiro de Urbanismo de Culleredo, e faláron dese viario. El díxolles que estaba disposto e que cando eles quixeran que chamaran e que se puxeran de acordo cos técnicos para falar sobre o viario.

Expón que, a día de hoxe, ninguén se puxo en contacto co Concello de Cambre, e engade que en dúas ocasións el mesmo se atopou co concelleiro de Urbanismo de Culleredo, preguntoulle sobre as reunións que ían ter cos técnicos municipais de Cambre polo viario de Almeiras, e contestoulle que iso era cousa do alcalde, que é o alcalde de Culleredo o que ten que convocar as reunións.

Remata dicindo que iso é o que sabe sobre a estrada de Almeiras, é o que pode dicir porque non sabe máis. Di que sabe que si, que o plan xeral de Culleredo pronto estará a exposición pública e que iso é un traballo que queda pendente por facer.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10246 o día 20 de xullo de 2012, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º No pleno de setembro de 2011 o grupo municipal de EU facía un rogo, instando ao goberno municipal a que realizase un estudo co fin de dotar a Cambre dun banco de alimentos.

O voceiro do equipo de goberno informou que a pesares de que a concelleira responsable non estaba presente, podía afirmar que se atopaba traballando no tema e comprometeuse a respondernos por escrito.

Visto que a dita resposta non chegou nin de xeito escrito nin de xeito verbal, pregamos se nos informe das actuacións levadas a cabo con respecto á creación do banco de alimentos.

Dona María Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, explica que non lles contestou porque pensou que xa se deran por contestados cando tiveron o pleno do mes de febreiro, cando aprobaron a cesión dun local á Cruz Vermella na Barcala, co acordo de todos os grupos, cuxa prioridade vai ser o banco de alimentos, aínda que tamén se pode destinar a outro tipo de programas.

Continúa dicindo que agora están pendentes das reformas do local, porque estaban pendentes de recibir unha subvención para poder arranxalo, e están pedindo orzamentos.

Segue a dicir que grazas ás xestións mantidas coa Cruz Vermella, aínda que actualmente non existe o banco de alimentos en Cambre, si os incluíron nun programa de comida solidaria. Tres veces ao ano envían alimentos a Cambre, agora mesmo en Asuntos Sociais teñen unha cantidade de alimentos doados pola Cruz Vermella, en colaboración co banco de alimentos, que se reparten de acordo cos criterios dos traballadores de asuntos sociais entre os usuarios.

Remata dicindo que por estes motivos non lles contestou por escrito.

2º Usuarios do transporte público teñen denunciado ante o noso grupo as dificultades e perigo que supón para as persoas (sobre todo con mobilidade reducida) poder acceder aos vehículos, motivado na ocupación dos espazos reservados a parada dos buses. Tamén nalgúns casos interrompen o caótico tráfico, sobre todo nos núcleos urbanos.

Por isto pregamos ao concelleiro responsable que dea as ordes pertinentes para evitar este tipo de situacións, incómodas e perigosas.

O Sr. alcalde contesta que, a pesar de recalcarlle iso sistematicamente á policía local, nalgúns momentos ou ocasións pódese producir. Engade que el toma nota, e que falará deste rogo coa policía local para que sexa máis pertinaz, e que a xente non ocupe os lugares dos buses nin do transporte adaptado.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dálle as grazas ao Sr. alcalde e di que espera que exista algunha contundencia a partir de agora, xa que é un hábito xeneralizado na maior parte do concello, un hábito que a xente lle reprocha a algún dos concelleiros que andan polo concello. Eles senten un mínimo de vergoña, aínda que a responsabilidade non é directamente súa, pero o seu deber é denunciálo, como están a facer agora.

Explica que ás veces, na Tapia, no Temple, un vehículo adaptado non pode baixar a súa pasarela porque hai coches aparcados, tamén di que en fronte á administración de lotería no centro de Cambre pasa o mesmo.

Reitera que espera que a partir de agora se tomen as medidas pertinentes para arranxar o tema.

3º Nas comisións informativas que tiveron lugar o pasado mes de outubro, o grupo municipal de EU, facía a proposta de iniciar unha campaña de recollida de libros para poder envialos a países necesitados. A dita proposta foi celebrada polo concelleiro responsable, sinalando que tentarían poñela en marcha.

Pregamos se nos informe das actuacións levadas a cabo para desenvolver esta campaña.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que en vez dunha recollida de libros o que decidiron facer foi expurgar os libros que actualmente teñen na biblioteca. Explica que expurgar significa facer unha pequena selección dos libros que están un pouco obsoletos por cuestión de espazo, e informa que nunha primeira fase os libros expurgados repartíronse entre as asociacións de veciños do concello.

Segue dicindo que hai unhas semanas remataron de expurgar en total, e teñen unha cantidade de libros considerable que se poden enviar a países necesitados. Engade que están en contacto con algún concello máis, para ver como canalizar o envío, e explica que nas próximas semanas poderán informar a onde se envían.

Remata dicindo que, non obstante, terán en conta se algunha familia de Cambre, ou asociación que puidera quedar, necesita libros.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10265 o día 20 de xullo e ao núm. 10269 o día 23 de xullo de 2012.

1º O goberno central vén de aprobar unha serie de medidas vía Real decreto 20/2012 que afectan unha vez máis aos traballadores, pensionistas, maiores, parados e paradas, autónomos, comerciantes..., unha vez máis atacan a quen non ocasionou a crise económica mentres que apoian activamente medidas que favorecen aos causantes da actual situación.

Estas medidas coñecidas por todos (aumento do IVE, redución prestación, etc) van supor unha caída da capacidade de compra e do nivel de vida da poboación, van conseguir máis precariedade laboral é só traerá pobreza e emigración durante moitos anos.

A maiores aproveitando a crise e o desconcerto o goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das comunidades autónomas con competencias como é o caso de Galicia, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

O obxectivo que se persegue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galicia. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazable é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego co fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por dedicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

E por todo isto que o grupo municipal do BNG presenta o seguinte rogo ao equipo de goberno do noso concello, para que:

1. Solicite a retirada do Real decreto 20/2012 xa que unha vez máis carga as consecuencias e as culpas da crise económica nas maiorías sociais (traballadores e traballadoras, parados, xubilados e xubiladas, estudantes, maiores, autónomos...).
2. Manifeste a nosa oposición a cargar sobre os empregados públicos, traballadores dos consorcios, das mutuas e persoal das fundacións, a crise económica coa supresión da paga extra do Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que comportarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.
3. Rexeite as medidas de reforma da Lei de bases do réxime local adoptadas polo goberno do PP no Estado, a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político e non significa aforro económico ningún.

4. Demande a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galicia, que comportará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.
5. Solicite unha reforma fiscal que grave as grandes fortunas, á banca privada e ás grandes corporacións industriais.
6. Acordamos que o diñeiro público que vai ir destinado ao sector financeiro vaia dirixido á creación dunha banca pública que financie a economía real e a economía produtiva, as pequenas e medianas empresas.
7. Apoiamos que por parte dos gobernos se establezan medidas para por en marcha unha férrea regulación do sistema financeiro, a comezar por unha reforma do Banco Central Europeo.
8. Que por parte do goberno galego se adopten medidas que defendan o dereito a termos unha base produtiva propia, sobre todo en sectores estratéxicos como son o agro, a pesca e o naval.
9. Que se adopten medidas que defendan ás pequenas e medianas empresas como claves para a creación de emprego.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, di que vén sendo habitual traer cuestións que non son competencia deste pleno. Expón que loxicamente é unha cuestión que ten moita importancia e da que se está a falar constantemente na rúa, pero di que alí aos veciños os elixiron para que asuman a súa responsabilidade e non para que asuman a responsabilidade doutros, entre eles, os representantes que o BNG ten no Parlamento, concretamente no Congreso dos Deputados. El imaxina que o representante do BNG no Congreso exporía unha cuestión parecida e que os representantes da forza política á que el mesmo representa no concello, xa responderían.

Segue dicindo que, con independencia de todo o anterior, a el a título persoal, e imaxina que a título de calquera veciño e persoa, non lle gustan os recortes, evidentemente a ninguén lle gustan os recortes, e cre que pode asegurar que a quen menos lle gustan os recortes é a quen os ten que facer. Polo tanto, pode imaxinar que é duro tomar a decisión.

Dona María Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que eles, como representantes dos veciños, como administración que está máis preto dos veciños, consideran que si, que no pleno hai algo que dicir. Explica que aos funcionarios, aos veciños, a todo o mundo, lles afecta isto.

Por exemplo, por eses recortes hoxe, neste pleno, tiveron que poñer un parche, e uns cartos que tiñan que estar destinados a outra cousa, teñen que ir destinados ao 065, un servizo que funcionaba perfectamente ata hai pouco tempo.

Manifesta que todos están de acordo en que ten que haber recortes, di que cre que todos os partidos políticos e cidadáns de a pé están de acordo niso, o problema é a quen se lle aplican eses recortes. Pregunta se se aplican aos grandes capitais, á banca, ou se se aplican aos máis pequenos, que é o que está a pasar. Lembra, como xa dixo unha vez, que sempre chove para abaixo, e di que o PP, os do Goberno do Estado, demóstranlles iso cada venres de dores.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que dona M^a Victoria Amor Prieto fixo nove rogos, non un, nove. Manifesta que el está de acordo, que cada un faga o seu traballo, e explica que a súa política empeza en Sta. María de Vigo e remata no Temple, e reitera que esa é a súa política, e o seu compromiso.

Explica que os representantes políticos, sexan do Partido Popular, de Esquerda Unida, do PSOE, teñen cada un os seus representantes no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galicia, e eses son os que teñen que defender todo isto. Pregunta que fai el con mandarlle un rogo a don Mariano Rajoy, ao Congreso dos Deputados, seguramente nin chegará.

Píde que a el lle falen de cousas de Cambre, para os veciños de Cambre, que para iso el sempre estará disposto, pero que o dos rogos presentados xa non sabe nin como explicalo. Son nove rogos e, por exemplo, no rogo número sete están a mandalo a el a que trate o tema do Banco Central Europeo. Esas cousas ten que defendelas o Sr. Jorquera e o resto de deputados, que para iso cobran e para iso están.

Píde que sexan claros. El admite o rogo, e o di publicamente, que el tampouco está de acordo cos recortes que está facendo o grupo do goberno estatal, non está totalmente de acordo, pero que é o grupo de goberno e gañou por maioría, e está aí. Repite que non está de acordo cos recortes, e que tamén lle doen a el.

Dona María Victoria Amor Prieto diríxese ao Sr. alcalde para dicirlle que el sabe que o BNG presenta o que presenta como un rogo porque, o grupo de goberno municipal e el mesmo, que preside o pleno, non permiten presentar mocións. Expón que xa se sabe que isto é unha moción, que non son nove rogos, senón que é unha moción. Di que xa nun pleno se levantaron e se foron por non poder presentar mocións, e explica que a maneira que teñen de que o pleno municipal se pronuncie sobre certas cuestións que si afectan e moito aos veciños de Cambre é a través dun rogo, e que por iso o presentan así.

Continúa a dicir que eles seguen ao pé da letra o que o Sr. alcalde lles dixo.

Toma a palabra o Sr. alcalde dicindo que claramente aínda non saben o que é unha moción, porque el non lles prohibiu presentar mocións, e el le todas as mocións, pero

pregunta que moción é aquela para a que o pleno de Cambre non é competente para resolver.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que en todos os concellos de todo o país presentan mocións, e que non vai entrar nese tema porque xa o debateron persoas que coñecen moito máis o asunto. Non van a entrar nese debate porque xa están traballando para cambiar o regulamento, pero mentres que iso non se cambie teñen que presentalo como rogo porque é a única vía que o propio alcalde lles deixou, non é porque sexan parvos e presenten nove rogos porque a xente no BNG non sabe o que fai, é porque é a única vía que lles deixaron. Continúa dicindo que o día que poidan presentar mocións, por suposto que as van a presentar, porque en todo o país se están a presentar para que os plenos municipais se pronuncien sobre determinadas cuestións.

O Sr. alcalde dá paso ao segundo rogo.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, explica que este rogo foi presentado o pasado luns, e agradécelle ao concelleiro de festas que o martes, despois das comisións informativas, lles dera cumprida resposta de xeito solvente e eficiente, é dicir, que non lle boten as culpas nin aos funcionarios, nin ao organigrama nin ao goberno anterior. En todo caso, si queren ler o rogo, coa intención de que o concello cumpra en todas as súas actuacións coa ordenanza de normalización lingüística.

2º Recentemente tense presentado a través dos medios de comunicación o cartel das festas de Cambre 2012. Ademais de rexer en Cambre unha ordenanza de normalización lingüística, consideramos que o galego é en si un activo cultural de primeira orde, expoñente da nosa riqueza e singularidade como pobo, un activo máis á hora de publicitar as nosas festas máis importantes como un evento popular e apegado ás nosas tradicións.

Rogamos que o concello cumpra en todos os seus aspectos coa ordenanza de normalización lingüística, a publique en sitio destacado na web municipal e, aloxándose de actitudes que nada teñen que ver coa tradición democrática do concello, publicite as festas en galego.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que, aínda que debía contestar o concelleiro de Cultura, quere contestar el. Expón que o Concello de Cambre convocou un concurso para deseñar o cartel das festas, e deuse a casualidade de que gañou un catalán, e que o cartel das festas o fixo en castelán. Ese cartel gañador do primeiro premio foi o que se puxo na páxina web, que é o que viu o Sr. concelleiro.

Segue dicindo que ao día seguinte levaron a imprimir os carteis das festas, pero di que xa se levaron en galego.

Repíte que o que viu don Daniel Rodríguez Carballada foi o concurso de carteis das festas de Cambre, que por sorte ou desgraza gañou un catalán, e que o fixo en castelán.

Eles queren vir a achacarlle ao goberno que ten que ter máis prudencia, e el pregunta que lle ten que dicir a Jaume, que é como se chama o que gañou o premio, se lle ten que dicir que ten que volver a facer o cartel e facelo en galego ou non gaña.

Don Daniel Rodríguez Carballada di que, primeiro, e se lle permite de xeito telegráfico, parece que non serve de nada agradecerlle ao concelleiro de festas que lles dera unha explicación. Sinala que, unha vez dadas polo concelleiro unhas explicacións coherentes e convincentes, agora el sinxelamente se refería a algo tan básico e tan elemental, que está seguro de que calquera o poderá entender, como son as bases que redactou o propio goberno municipal para o concurso e que tiñan que estar en galego.

En canto ao segundo punto, dille ao Sr. alcalde que se é tan amable que lle pregunte a Jaume que se presenta un cartel a un concurso en París en que idioma o presenta, se o presenta en francés, en español, en catalán ou en corso.

Por último, di que dende que chegou a nova Corporación ao goberno municipal, reduciuse a presenza do galego, contravindo o que di a ordenanza de normalización lingüística en numerosos correos electrónicos e comunicacións oficiais do concello, ata o punto de que en determinados apartados da páxina web, ata na versión en galego, só se poden consultar determinadas cuestións en castelán.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10266 o día 21 de xullo de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª En plenos pasados temos preguntado sobre a ampliación do percorrido do autobús interparroquial co fin de que acceda ao núcleo da Mota en Cecebre. Contestáronos que se estaban a facer xestións ante a Dirección Xeral de Mobilidade para conseguir a ampliación do servizo a esta zona. Transcorrido tempo sen ter noticia ningunha, este grupo pregunta

Que xestións se teñen realizado para conseguir que A Mota poida dispoñer do servizo de autobús interparroquial?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que á finalización da última reunión sobre transporte metropolitano que tivo lugar hai quince días, mantivo persoalmente unha conversa co director xeral para ver en que punto estaban esas negociacións, e a resposta foi que estaban a falar coas dúas empresas que entran en conflito de servizos, e que as negociacións ían avanzando, pero que por diversos motivos custaba chegar a un punto de encontro en común. Non obstante, o director xeral contaba con que a principios de agosto, primeira ou segunda semana de agosto, tería unha resposta.

Conclúe dicindo que quedou en chamar ao director xeral sobre principios de agosto, para ver como ía o asunto e se efectivamente se chegaba a bo termo ou non.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSOE, di que a el lle parece que o poder que teñen as empresas de transportes de viaxeiros fronte á Dirección Xeral de Mobilidade (anteriormente Dirección Xeral de Transportes), é algo absolutamente tremendo. Fanse prevalecer os intereses de empresas particulares, que teñen que dar un servizo adecuado á realidade social e ao seu contorno, sobre os intereses particulares da xente da zona onde se moven esas liñas.

Continúa a dicir que cre que xa é momento de esixirlle a Dirección Xeral de Mobilidade, e di que é unha encomenda que lle fai ao concelleiro responsable da materia de Transporte, de que se deixen de marear á perdiz e que dean unha solución. Din que isto é un tema menor, que é un conflito entre liñas, pero se hai vontade, e sobre todo se hai capacidade de esixirlle ás empresas de transportes que esta situación se resolva, estaría resolto en quince días.

Don Fernando Caride Suárez explica que estas empresas teñen uns contratos de concesión, cunhas cláusulas moi concretas que hai que respectar, e que hai que negociar, polo que non é tan fácil como o formula o Sr. Augusto Rey Moreno nestes momentos.

Don Augusto Rey Moreno di que van deixalo en que a todos lles interesa a solución a este problema.

2ª O día 1 de xullo pasado, como consecuencia da final da Eurocopa de fútbol, o goberno municipal contratou a instalación dunha pantalla “xigante” no auditorio do parque da Igrexa, para que os veciños puideran gozar do acontecemento deportivo. Sorprende a este grupo que gran parte da primeira fila tiña colocados carteis de “reservado”. Por todo o anterior este grupo pregunta

A quen estaban destinadas estas reservas?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que non entende por que lle sorprende iso ao grupo socialista, xa que é unha cuestión de protocolo que se leva a cabo como en calquera outro concello.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que non entende iso do protocolo, xa que é unha pantalla posta para que gocen os veciños. Volve preguntar a quen estaba dedicada a primeira fila.

Don Fernando Caride Suárez responde que estaba dedicada a protocolo, como en todas as actividades. Non entende cal é o problema, porque lle consta que o Sr. concelleiro acudiu a diversos actos culturais, xa que el mesmo coincidiu con el, actos que tamén eran para os veciños, e tamén alí había sitios reservados se non se está a equivocar.

Don José Manuel Lemos Seoane contesta que el estivo noutras actuacións que fixo o concello poñendo pantallas, como cando foi o mundial, e lembra que non houbo unha primeira fila reservada. Ademais, se é por cuestións de protocolo, el entende que a alguén se lle debería de avisar de que hai unha fila reservada por algún motivo, por exemplo aos membros da Corporación, aínda que el non é partidario diso, pero se reservan a fila o lóxico é que houbese un aviso e, dende logo, el non recibiu ningún aviso e non sabe se algún compañeiro da Corporación o recibiu.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que sinxelamente foi unha práctica habitual no concello, que non foi unha directriz política facer esa reserva, é máis, di que lle pode dar o nome de concelleiros da Corporación que asistiron a ver o partido de fútbol e que non se sentaron alí, incluso unha vez que comezou o partido a xente sentouse neses asentos mentres que había concelleiros sentados entre o público.

Don José Manuel Lemos Seoane di que lle costa tal cousa porque el estivo na última fila, nin sequera sentado.

Don Fernando Caride Suárez di que lle está a dicir de concelleiros do equipo de goberno, e que el tamén estaba na última fila.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle aos concelleiros do PSOE que eles fixeron unha pregunta no pleno, e teñen toda a razón en querer lucirse así cun tema de protocolo, pero que todos saben que cando se organizan estes temas, a menos que vaia o concelleiro e lle diga expresamente á persoa que se encarga da organización que non faga a reserva, automaticamente esta fai a reserva da primeira fila, e iso teríalle pasado ao PSOE igual que lles pasou a eles.

Segue a dicir que se ven iso como un borrón, entón el asume a culpa, porque iso se fai automaticamente, quen se encarga da organización do evento xa fai a reserva da primeira fila porque se supón que van ir os concelleiros, o alcalde, a Corporación ou quen sexa.

Conclúe dicindo que se reservou a primeira fila, pero que tan pronto comezou o partido sacáronse os letreiros, e iso puideron velo todos aqueles que foron ver o partido. Engade que el a todos os actos aos que vai, procura sentarse na última fila. Finalmente pregunta se está contestada a pregunta.

Don José Manuel Lemos Seoane di que si está contestada a pregunta porque non se trata de lucirse nin moito menos.

3ª Hai uns días ven de producirse a baixa por maternidade da arquitecta municipal. Sendo, como é, este un posto de especial relevancia para o funcionamento do departamento de Urbanismo e máis nuns momentos como o presente no que se está a elaborar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, este grupo pregunta

Por que, a día de hoxe, non se ten cuberto interinamente este posto?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que, efectivamente, hai uns días produciuse a vacante, e o luns ou o martes vaise incorporar unha nova persoa. Aínda non sabe quen é porque está pendente de publicarse o resultado, pero cre que se incorpora o martes.

Explica que tardaron aproximadamente tres semanas porque tiveron que facer unhas novas bases, convocar un concurso e tiveron que presentarse candidatos, de feito di que se presentaron bastantes candidatos, o que atrasou un pouco a cuestión.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSOE, pregunta se non se podía tirar da lista que no seu momento permitiu contratar á arquitecta que agora mesmo está de baixa.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non se podía, porque tal e como se dixo neste pleno, estanse a realizar unha serie de traballos fundamentais co plan xeral, polo que o que pretendían era enfocar un pouco as bases de cara a arquitectos que tivesen bastante máis experiencia en tramitación municipal de plans xerais, ese foi o motivo.

Don Jesús Bao Bouzas di que iso non quere dicir que se puidese ou non se puidese tirar da lista.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que si, que se podía tirar da lista, pero que decidiron, porque era unha potestade que tiñan, que preferían ter unha persoa máis especializada nestes temas.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10265 o día 21 de xullo de 2012.

1ª Cal é o custo da instalación da pantalla que puxeron en Cambre para ver a final da Eurocopa?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que foron mil novecentos euros.

2ª Cal é o custo por ter finalizado en Cambre unha etapa da Volta Ciclista a Galicia?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que moito traballo por parte do departamento de Deportes e a nivel económico, cero euros.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se non van ter que pagar nada á Federación Galega de Ciclismo.

Don Fernando Caride Suárez responde que vai con cargo a unha subvención que se solicitou ao Consorcio das Mariñas antes de realizar o evento.

3ª En que situación se atopa o proxecto para a realización da beirarrúa en Amil-Volta das Carrozas?

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que é un tema que leva don Manuel Marante Gómez e que se quere llo contestará por escrito.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, contesta que está de acordo.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10246 o día 20 de xullo de 2012, xunto coa moción e os rogos presentados para este pleno.

1ª O artigo 115 apartado f) do ROM do concello, establece que os rogos realizados polos grupos municipais “... *serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.*”

Con base no anterior, e tendo en conta o rogo realizado polo noso grupo no pleno ordinario do pasado mes de marzo, en relación coa información sobre o balance económico (gastos e ingresos) das festas de Santa María do pasado ano 2011.

Pode informarnos o responsable, do motivo de non ter facilitado a documentación requirida?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que non ten ningún inconveniente en facilitar a documentación á que se refiren na pregunta, de feito ten un resumo aproximado de ingresos e gastos. Segue a dicir que el se estrañou cando dixeron que non lles contestara no pleno a un rogo, polo que consultou o pleno do mes de marzo deste ano, e resulta que non se realizaron rogos e preguntas por unha circunstancia especial que todos lembran.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta se esa é a contestación que lle vai dar, porque é ben pobre. Di que a pregunta si foi realizada no pleno de marzo, outra cousa é que non fose contestada polos motivos que todos saben, ademais a pregunta foi reiterada no mes de abril.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que en abril lle preguntaron polo orzamento do ano pasado e deste ano, e contestou.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a pregunta foi, como dixo antes un compañeiro, copiar e pegar, e é a mesma pregunta. Engade que o Sr. Ríos Rama lle dixo que ía contestar por escrito o tema do estado económico, dos gastos e ingresos, das festas de Sta. María de Cambre do ano pasado, como habitualmente facían os gobernos anteriores do concello, que sempre lles contestaban e lles facían unha memoria explicativa, con tantos ingresos e gastos, e o Sr. concelleiros non lles presentou nada diso, absolutamente nada.

Don Santiago Manuel Ríos Rama expón que ten con el a documentación e que llela pasará ao finalizar a sesión. Pide perdón polo problema causado.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que don Santiago Manuel Ríos Rama, como responsable das festas, os ten totalmente desinformados, e di iso con maiúsculas. A idea que teñen das festas, dos días, da situación é o que aparece nos medios de comunicación, porque o Sr. concelleiro non se dignou a convocalos nin un só día e dicirlles, como fixo o ano pasado o Sr. Andreu Barallobre, ou como lles dixo a Alcaldía, cales ían ser as festas, que actuacións ían ter ou cal se suspende por determinados motivos. Este ano non saben nada.

Conclúe dicindo que a xente está a preguntar, que ese mesmo día a el lle preguntaron que ía pasar coa seguridade e co tema da limpeza, e tivo que dicir que o sentía moitísimo pero que el non sabía nada porque o goberno municipal non lles comunicara nada.

Don Santiago Manuel Ríos Rama manifesta que teñen previsto facer unha reunión para explicar todas esas cuestións.

Don Luis Miguel Taibo Casás rógalle que a faga.

2ª Por causa da manifesta desinformación á que nos vemos abocados os grupos da oposición, aínda despois de ter solicitado información recorrentemente ao goberno municipal, tanto por escrito como en varios plenos, concretamente por parte de EU nun total de tres ocasións, vémonos obrigados novamente a solicitar información concreta sobre varios aspectos que seguen sen aclarar sobre o vindeiro festival Rock in Cambre-Brincadeira.

Independentemente do resultado económico deste macroevento, do que terán que dar conta unha vez clausurado, a organización e configuración do festival ven sendo todo un segredo do que nos vimos informando polos medios de comunicación, non pola información facilitada polo equipo de goberno.

En moitas ocasións, o que si lle escoitamos proclamar, foi que o Rock in Cambre ía saír reforzado coa colaboración co Brincadeira e que en palabras do voceiro do equipo de goberno “a dita colaboración permitiría mellorar o cartel do Rock in Cambre”.

Visto o cartel definitivo do Rock in Cambre, o noso grupo municipal pregunta:

Coida o goberno municipal que o cartel do Rock in Cambre está á altura das anteriores edicións e que manterá o nome deste festival, ou pola contra, poden compartir a opinión xeneralizada, de que o que predomina é o espírito do Brincadeira que sempre se autodefiniu como “festival vulgar”, e para o Rock in Cambre queda un cartel que non responde á fama do noso festival que de sempre tivo unha filosofía de calidade e gratuidade?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que non.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que ante a extensa resposta que recibiu, pide que lle permitan indicar, en primeiro lugar, que hai que facer unha rectificación respecto do texto da pregunta, xa que onde din que non lles deron información non é así, porque o día 5 de xullo chegoulles unha copia do convenio que o concello asinou coas entidades organizadoras do Rock in Cambre–Brincadeira. Trátase dun convenio asinado o 1 de febreiro de 2012 e tardaron catro meses en facer as fotocopias, polo que volven falar da inoperancia maiúscula deste equipo de goberno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que ela fixo unha pregunta, e pregúntalle se a fixo.

Dona María Olga Santos López responde que está a facer unha puntualización á exposición de motivos da pregunta.

O Sr. alcalde reitera que ela fixo unha pregunta.

Dona María Olga Santos López sinala que ao Sr. alcalde non lle apetece que contesten.

O Sr. alcalde responde que iso non é certo, que el dálle a explicación que ela queira, pero que o método é que ela faga unha pregunta e que eles lle contesten, e resulta que unha vez que lle contestan fai unha rectificación.

Dona María Olga Santos López contesta que non é unha rectificación, senón unha puntualización, xa que que se le a pregunta verá que nela pon que non lles entregaron información, e di que ao seu favor está dicindo que si que lles entregaron información.

O Sr. alcalde expón que ademais diso ela está a engadir que tardaron catro meses en facelo.

Dona María Olga Santos López di que se lle permiten, respecto da resposta do Sr. concelleiro, eles sinxelamente teñen un grande interese en que o Rock in Cambre–Brincadeira saia estupendamente, e teñen unhas expectativas que son as que o goberno municipal lles comentou, que vai ser un macro festival e que vai saír estupendamente.

Segue a dicir que todo iso son suposicións, e que eles esta pregunta a presentan polo que se di nas rúas. O Sr. alcalde sabe perfectamente que o seu labor de oposición non é por azurrar, simplemente traen ao pleno o que se escoita nas rúas, que é que desfizeron absolutamente o espírito do Rock in Cambre, que o cartel que traen para o Rock in Cambre non ten ningún tipo de relación co que vén sendo a fama do Rock in Cambre como festival de rock en Galicia, iso cun orzamento de douscentos corenta mil euros, que para recuperar o concello esa cantidade o festival ten que recadar máis de medio millón de euros.

Polo tanto, eles traen esta demanda porque supón que se chegou ata os seus oídos tamén chegaría aos oídos do goberno municipal. Engade que este festival, que leva vinte anos con artistas de moitísimo calado, como Rosendo, Barricada, etc., con douscentos corenta mil euros quizais a parte gratuíta que é o Rock in Cambre, non a do Brincadeira, debería ter tido un cartel máis decente, entre comiñas, e ao mellor non tanto as migallas que quedan. Finalmente di que a sensación que dá, e remata, é que o Concello de Cambre está financiando o Brincadeira e recolle as migallas que son as que entrega de forma gratuíta á xente que vai ir ao Rock in Cambre.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que entende perfectamente que a Sra. concelleira teña uns gustos determinados, pode ter os seus gustos, pero os demais poden ter os seus. En todo caso, di que el só se vai referir aos datos. Explica que o cartel dos grupos que actuaron o ano pasado no Rock in Cambre foi de trinta mil euros, o *caché* dos grupos que actúan este ano no Rock in Cambre é de corenta e oito mil euros. Di que a Sra. concelleira fala do festival Brincadeira como un festival vulgar, pero que el lle pode dicir que por exemplo “El País” di que é un festival ecléctico, que pode ser unha palabra máis fina.

Continúa dicindo que aproximadamente dende hai un mes, en todos os programas radiofónicos, en todas as noticias das revistas especializadas, dos medios xerais, cando falan do asunto están dicindo que o festival que se vai organizar en Cambre vai ser o mellor festival de toda Galicia, e un dos mellores de toda España. Tamén lle pode dicir que se o ano pasado foron sete mil persoas ao día a este mesmo festival, que se organizou en Ordes, este ano venderon aproximadamente un trinta por cento máis de entradas a data de hoxe que as que se venderon na anterior edición, así que aplicando unha regra de tres poden calcular a cantidade de xente que vai vir ao Concello de Cambre en catro días.

Segue a explicar que teñen un cartel un sesenta por cento máis caro que o ano pasado, teñen un festival, que probablemente sexa o mellor festival de toda Galicia, teñen a dous grupos cabeza de cartel de dous días que posiblemente son punteiros a nivel internacional e cun recoñecido prestixio, polo tanto volve dicir que gustos hai para todas as cores, que á Sra. concelleira ela igual lle parece mal que o fixeran eles e non o fixera ela, está ben, pero pídelle que non critique o que vai ser un evento de gran repercusión que vai pór ao Concello de Cambre no mapa, aínda que só sexa uns días, e que

seguramente, e oxalá sexa así, ao concello vaille custar cero euros, porque van recuperar máis diñeiro do que van gastar, ademais de que os seus hosteleiros, e todos os comerciantes, vanse ver moi beneficiados.

Continúa dicindo que teñen que esperar ao día seguinte despois do festival para ver se saíu ben ou mal. Evidentemente é a primeira vez que en Cambre se organiza un evento destas características e erros pode haberlos, e seguro que os haberá, pero o que terán que facer de cara ao ano próximo é intentar mellorar.

En canto ao Rock in Cambre sobre o que dona María Olga Santos López está tan preocupada, di que aos poucos meses de estar o seu grupo no goberno municipal, unha das primeiras decisións que tomaron foi inscribir no rexistro de patentes e marcas a marca Rock in Cambre, que levaba vinte anos sen rexistrar, e calquera persoa da rúa podería tela rexistrado, quedando o Concello de Cambre sen Rock in Cambre, así que lle pide que non lles diga que non se preocupan pola marca Rock in Cambre porque para eles é o primeiro e, de feito, di que unha das primeiras cláusulas do convenio que a Sra. Concelleira leu, recolle que o nome de Rock in Cambre tiña que aparecer na cabeceira de todos os carteis e de toda a difusión do festival.

Dona María Olga Santos López di que quere que quede claro que non están criticando o festival Rock in Cambre–Brincadeira, que o único que queren manifestar é o que se escoita nas rúas, a opinión da xente. Reitera que o Rock in Cambre é un patrimonio de Cambre, patrimonio como pode ser a igrexa, e que si que se escoita esas opinións que eles están a indicar. Conclúe dicindo que agardan que sexa un festival exitoso, que beneficie a Cambre, e que triplique os beneficios, pero que a súa obriga e transmitir esa queixa que existe.

3ª Ante as múltiples protestas de veciños/as pola carencia e deficiencias no funcionamento da iluminación pública en distintos lugares do concello, feito que está producindo problemas de seguridade ás persoas que circulan polo ditos lugares:

O grupo municipal de EU presenta a seguinte pregunta:

Poden informarnos da actual situación da prestación do servizo e das medidas que pensan tomar para solucionar a situación?

O Sr. alcalde responde que contestará don Manuel Marante Gómez por escrito. Non obstante, pode adiantarlles, porque iso si o sabe, xa que é unha das súas preocupacións, que hai escasos días na subida a Pravio e en varios sitios máis, roubáronlles o cable. Explica que non llo rouban a eles, senón a Fenosa, pero despois tardan catro ou cinco días en repoñer o servizo.

Volve dicir que si llo permiten, prefire que conteste con toda amplitude o Sr. Marante Gómez.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que acepta que o Sr. Marante Gómez lle conteste porque hai pouco xa contestou a un requirimento do seu grupo sobre as incidencias, presentado por escrito no rexistro.

Di que houbo como vinte e sete incidencias, pero que lle contestaron que a 14 de xuño xa estaban todas solucionadas. Agora resulta que aínda hai máis incidencias, non é só na estrada a Pravio, senón tamén no Temple, na praza Manuel Lugrís, e nun montón de sitios, por iso queren saber que pasa cos veciños que queren ir as súas casas e que non ven.

Segue dicindo que os veciños tamén queren información, que a información non debe chegar só ao pleno. O goberno municipal debe transmitirlle aos veciños o que está a ocorrer, é unha obriga do goberno municipal transmitir aos veciños o que realmente está pasando coa iluminación pública.

Toma a palabra o Sr. alcalde para reiterar que lle contestará, punto por punto, don Manuel Marante Gómez.

Don Luis Miguel Taibo Casás, di que eles só queren transmitir a queixa de moitísimos veciños que así llelo solicitaron.

O Sr. alcalde manifesta que na súa casa todo funcionaba a fin de semana pasada, pero que roubaron o cable e tamén el quedou sen luz. Iso é o que está ocorrendo practicamente en todo o concello, e no soamente en Cambre, senón tamén en Culleredo, Oleiros, Sada, Arteixo e en moitos sitios máis. Volve dicir que lle contestará o Sr. Manuel Marante Gómez.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10270 o día 23 de xullo de 2012.

1ª Con motivo da final da UEFA EURO 2012 o Concello de Cambre, en tempos de crise e axustes económicos máximos, tanto para a administración municipal como para numerosos locais que se dedican á hostelería e ao lecer no noso municipio, instalou unha pantalla xigante no parque da Igrexa para retransmitir un partido de fútbol ofrecido por un canal en aberto de cobertura xeneralizada, entrando en competencia cos profesionais da hostalería. Cal foi o custo da dita retransmisión e da campaña de publicidade que de tal evento se fixo?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que a primeira parte da pregunta xa está contestada e, en canto ao tema da publicidade, di que foi simplemente a impresión de carteis en tamaño folio nas impresoras municipais, polo que é un custo cero porque non se fixo gasto en publicidade.

2ª En datas próximas celebrarase o Festival Brincadeira-Rock in Cambre. Sería en sumo grao desexable que se conseguise o maior beneficio económico posible para o comercio e profesionais de Cambre. Realizouse ou vaise realizar algunha xestión, reunión ou iniciativa cos empresarios de Cambre para calibrar a posibilidade de acometer algunha iniciativa de cara a atraer ao público asistente ao dito evento cara ao comercio, en especial á hostelería da nosa cabeceira municipal?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que si que teñen algunha proposta para presentarlles pero que, en principio, non teñen pensado convocar unha reunión, porque di que non cre que sexan datas agora, en pleno verán, para sacar á xente dos seus negocios para levarlos a unha reunión, polo tanto, o que van facer é que o concelleiro de Cultura e ela mesma van visitar persoalmente todos os negocios dentro do núcleo de Cambre, para levarlles información e ao mesmo tempo recoller as propostas que lles queiran formular. Di que iso se fará a semana que vén.

3ª O goberno municipal négase a facilitar acceso a este grupo municipal á auditoría técnica da piscina municipal da Barcala realizada pola empresa Applus. Cando ten previsto o Sr. alcalde deixar de incumplir o ROM e facilitarlle á oposición a dita documentación informando con documentación oficial das deficiencias que se observan na instalación?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, responde que se remite á contestación que deu no pleno anterior. A empresa Applus tardou dous meses e medio en redactar o seu informe, iso dedicándose exclusivamente á súa realización, mentres que, como ben sabe o Sr. Carballada Rodríguez, o concello está saturado de traballo. Di que a el cónstalle que o persoal municipal está facendo o seu informe, xa que dende o departamento de Deportes están a presionar ao departamento de Obras para que axilice ese trámite, iso dado o interese que amosa o BNG polo informe, pero as cousas teñen o seu trámite e o seu tempo, non é cuestión fútil.

Conclúe dicindo que en canto o teña, el será o máis feliz de transmitírllelo.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que eles só lle piden o acceso ao informe da empresa Applus. Di que respectan ao máximo o traballo dos técnicos municipais e que lles dan todo o tempo do mundo, pero que non sabe se don Fernando Caride non entende ou non quere entender, porque eles o que piden é o informe realizado pola empresa Applus.

Don Fernando Caride Suárez reitera que non é que el queira ou non entender, que é máis ben ao revés. Di que é un informe dunha empresa externa, e volve repetirlle a resposta do pleno pasado, xa que non lle debeu de quedar clara, trátase dun informe dunha empresa externa, que ten que ser cotexado e contrastado polos servizos municipais, polo tanto, no momento en que estea toda a documentación completa, el persoalmente, e pídelle que lle crea, levaraa onde o Sr. Carballada lle diga. Daralle a

documentación, o que non vai permitir é que un concelleiro teña a información ao cincuenta por cento, porque logo pasan cousas, hai malos entendidos ou non están as cousas claras, por iso di que a súa intención e que o Sr. Carballada Rodríguez teña toda a información completa, a que inclúe o informe da empresa e a do informe dos técnicos municipais.

Reitera unha vez máis, que el, persoalmente, trasladaralle a información onde o Sr. concelleiro lle diga no momento en que a teña.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia